

30 de xaneiro: Día da Ilustración

○ ENIGMA DE CASTELAO ○

Alfonso Rodríguez Castelao naceu no mesmo municipio coruñés (1) no que nacerán Rafael Dieste e Manuel Antonio; alí chamábano máis polo seu segundo nome (2). Seu pai emigrou ao país (3) no que Castelao morrerá. Toda a familia instalárase logo nunha zona chamada cunha palabra de orixe quechua que significa ´chaira ou planicie sen vexetación`, onde nacen en anos consecutivos as súas dúas irmás (4).

De volta en Galicia, axiña empezou a debuxar e no mesmo ano (5) que acababa en Santiago os seus estudos de Medicina –que apenas exercerá-, colabora nunha revista gráfica (6) que nacíu en Vigo. Un ano despois instálase en Madrid e podendo traballar alí como debuxante e humorista gráfico, quere traballar en Galicia: fai exposicións, diseña programas e cartaces e pronuncia conferencias sobre a caricatura. Renega dos seus primeiros debuxos, por seren “humorismo de taberna”.

No ano 1916, tras gañar por oposición unha praza no corpo de Auxiliares de Estatística, instálase na capital (7) da nosa provincia, que será a súa residencia habitual ata o comezo (8) da Guerra Civil Española. Desde alí desenvolve o seu labor artístico, literario e tamén político, participando en asembleas nacionalistas como membro activo das recén creadas Irmandades da Fala e no seu xornal voceiro (9), no que publica tamén narracións breves.

De 1914 a 1916 foi facendo os debuxos que publicou no álbum *Nós*, que debuxa as angurias do pobo. Abrírase unha xira de exposicións do álbum por vilas e cidades que se inicia na cidade (10) onde se atopa o faro máis antigo do mundo en funcionamento; a exposición chegará a Madrid e Barcelona, con grande éxito; a clausura da exposición faise na cidade (11) que garda o Códice Calixtino. No ano 1920 nace en Ourense a revista homónima (12), da que Castelao será nomeado director artístico.

No *Diario* de 1921 -inédito ata moitos anos despois (13)- recolle as súas experiencias de viaxe cunha bolsa de estudos por tres países europeos (14). Segue colaborando na revista *Nós*, deseñando portadas de libros –entre eles moitos dun ilustre cambadés (15)- e decorados, escribe tamén a novela curta *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*, con ilustracións súas, e vai xestando desde 1924 o novo xénero das “cousas”.

O ano (16) no que foi proposto como membro da Real Academia Galega verá a luz o primeiro libro de *Cousas*; o segundo publicarao a editorial *Nós* o ano (17) que Castelao viaxa, novamente cunha bolsa, á Bretaña. O material que recolla completará o que tiña recompilado sobre os cruceiros en Galicia, e este será o tema do seu discurso (18) de ingreso na RAG.

Nun mitin galeguista celebrado no Teatro vigués chamado antigamente cos apelidos (19) do mecenas que, xunto con Policarpo Sanz, impulsou o Centro Galego da Habana ou a Escola de Artes e Oficios de Vigo, pronunciou unha conferencia sobre “O galeguismo na arte”; estaban tamén un narrador (20) da Xeración Nós e mais o xurista, empresario e escritor (21) a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas no 2012.

No ano (22) que se proclama a II República española, un grupo de amigos sufraga a publicación do álbum *Nós*. Son anos de intensa actividade política (gaña un escano por Pontevedra como parlamentario nacionalista, fúndase o Partido Galeguista, ao que se suma) e de moita actividade artística: diseña os decorados para a estrea en Madrid de *Divinas palabras* do insigne escritor vilanovés (23), Carlos Maside fai en Santiago as ilustracións para unha obra súa (24) composta de varios momentos ou retallos, publica a novela (25) protagonizada por Pedriño e Rañolas...

Sae a edición definitiva de *Cousas* nun só volume en 1934, cando Castelao é desterrado a unha cidade extremeña (26) polo goberno de Lerroux; regresa do desterro en 1935 e o comezo da Guerra Civil cólleo en Madrid, onde ía entregar o texto do Estatuto de Autonomía de Galicia. As vivencias da guerra recólleas en dous álbums (27) que se publican en Valencia en 1937. Desde alí viaxa a Moscova, onde expón os seus debuxos, e tamén a Francia e Nova York, onde é nomeado presidente honorario da Federación Internacional das Sociedades Negras.

Vai logo a Cuba, onde pronuncia conferencias sobre Valle-Inclán, colabora en revistas e fai os *Debuxos de negros* que se publicarán anos máis tarde. Da súa estadía na illa fala o escritor Xosé Neira Vilas nun libro seu (28) publicado por Edicións do Castro en 1983.

Establécese en 1940 definitivamente na capital arxentina (29) onde culmina a súa traxectoria polifacética: segue pintando, dando conferencias e mitins e escribindo. Alí estrea a súa única obra de teatro (30) para a que el mesmo deseñou e fixo os decorados e figuríns e pintou as caretas. Alí publica o seu testamento político, a chamada “biblia do galeguismo” (31) e segue loitando, como ministro do goberno da República, agardando a fin da ditadura franquista; xunto con nacionalistas doutras comunidades españolas (32) colabora na fundación da revista *Galeuzca*.

Xa resentido da saúde, publica anonimamente uns comentarios sobre o Estatuto de Autonomía de Galicia e pronuncia o Día de Galicia de 1948 un importante discurso (33) no Centro Galego de Buenos Aires.

Enfermo, xa non verá case máis obras súas impresas, só o primeiro prego de *As cruces de pedra na Galiza*. Morre no sanatorio do Centro Galego de Buenos Aires o 7 de xaneiro de 1950. Foi enterrado, como desexaba, no cemiterio bonaerense da Chacarita, pois Galicia non era o lugar que el quería, mentres non se restablecese a democracia. Desde 1984 repousa no Panteón de Galegos Ilustres nunha igreja (34) de Santiago de Compostela.